



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Practicum	Código	652603306	
Titulación	3 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Educación Física			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	12
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónEducación Física e DeportivaLetrasPedagogía e Didáctica			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	Alsina Santasusana, Maria del Carmen Arufe Giraldez, Victor Carrera Lopez, Celso Carlos Carretero García, Miriam Fraguela Vale, Raul Gonçalves López, María Paz Gonzalez Valeiro, Miguel Angel Montero Seoane, Antonio Mosquera Gonzalez, Maria Jose Rebollo Quintela, Nuria Rodríguez Machado, Eduardo Rafael Toja Reboredo, María Belen Valverde Romera, Joaquina Vázquez Lazo, Juan Carlos Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	m.alsina@udc.es v.arufe@udc.es celso.carrera@udc.es miriam.carretero@udc.es raul.fraguela@udc.es paz.goncalves@udc.es miguel.gonzalez.valeiro@udc.es antonio.montero.seoane@udc.es maria.jose.mosquera@udc.es nuria.rebollo@udc.es e.rodriguez.machado@udc.es belen.toja@udc.es joaquina.valverde@udc.es juan.lazo@udc.es carlos.vizcaino@udc.es	
Web				



Descrición xeral	<p>As prácticas constitúen unha experiencia formativa de preparación para a futura vida profesional do alumnado deste mestrado. Permitirán coñecer as tarefas que se levan a cabo nun centro educativo de ensino secundario e posibilitarán o establecemento de relacións frutíferas entre docentes do ámbito universitario (algúns deles tamén docentes en secundaria), docentes en activo no ensino secundario e o alumnado que pretende proxectar a súa vida profesional no ámbito docente.</p> <p>As prácticas están deseñadas para ofrecer a este alumnado a posibilidade de observar e analizar os contextos en que como futuros profesores e profesoras van desenvolver o seu labor, de xeito que poidan ter un coñecemento vivencial do traballo docente. Agárdase que sexa tomado como a oportunidade que é, e non só como unha parte máis destes estudos de posgrao. Non se debe esquecer que, como oportunidade, son os centros e o profesorado titor os que sobre todo a fan posible, e así debe ser recoñecido polo alumnado implicado e pola Universidade; este recoñecemento será compatible cunha actitude de observación e escucha propios do momento formativo en que estamos. Non se trata de imitarmos os modelos de acción</p> <p>que se observen, senón de analizar e reflexionar sobre esas e outras posibles alternativas de actuación profesional.</p> <p>A práctica que se desenvolve nos centros educativos só pode ser comprendida se se entende como se foi constituíndo o proceso de escolarización e como os axentes internos e externos actúan sobre este. Para isto é necesario ter un coñecemento sistematizado e profundo sobre o que se fai, por que se fai, para que se fai, que se podería facer e que é o que non se debe facer. Este coñecemento enriquecerá sen dúbida aquel outros coñecementos das fases anteriores, tanto do módulo xenérico como dos específicos, servindo moitas veces de contraste enriquecedor.</p> <p>Servirá tamén ao profesorado titor dos centros de ensino, cuxa colaboración nunca se agradecerá bastante, de oportunidade para reflexionar e contrastar o seu traballo e os seus hábitos no día a día da aula e para tomar contacto, aínda que sexa brevemente, coa reflexión que desde fóra deses centros de ensino secundario se fai. Sen esquecer que en definitiva se están a formar os futuros docentes e colegas de profesión,</p> <p>evitando que o seu primeiro contacto profesional sexa coa responsabilidade e as urxencias de dirixir un grupo de alumnos e alumnas.</p> <p>Este mesmo afán terá o profesorado da Facultade, algúns deles compartindo ambos os ámbitos ?o universitario e o do ensino secundario- que ademais terá a oportunidade de contrastar as mensaxes e estratexias de traballo nos módulos teóricos coa práctica vivida e relatada por estas persoas nos centros.</p>
-------------------------	--



Plan de continxencia	<p>Plan de continxencia Practicum</p> <p>Metodoloxías</p> <p>? Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>? Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>As metodoloxías modifícanse en función do número de horas presenciais realizadas polo alumnado. Se houbera algún caso excepcional, que non se enmarcara en ningún dos tres escenarios previstos, estudarase individualmente pola Comisión Académica do mestrado.</p> <p>Escenario 1. Horas de prácticas completadas na súa totalidade</p> <p>Mantense a guía docente, tanto a planificación prevista, como a avaliación. Pudendo axustarse aos novos prazos, reflectidos na calendarización dispoñible na guía das prácticas.</p> <p>Escenario 2. Número de horas igual ou superior á metade das horas presenciais</p> <p>Os traballos tutelados materializados na memoria de prácticas, non terán parte presencial e se fará un seguimento online por parte do titor/a de facultade. Compensarán a presencialidade no centro de prácticas e estarán destinadas a completar os distintos apartados da memoria, de xeito que se podan construír as aprendizaxes que se pretenden no Practicum. O profesorado titor da Facultade será o responsable de guiar e orientar este tipo de tarefas complementarias para a realización da memoria.</p> <p>Escenario 3. Número de horas inferior á metade das horas</p> <p>Do mesmo xeito que no escenario 2, o alumnado terá que compensar, nos traballos tutelados, a diminución do número de horas presenciais. A diferenza do escenario anterior, non acadan a metade das horas de estadia no centro, pero sí fixeron 25 horas da semana de observación. Neste senso terán que completar a saída de campo cun suposto práctico deseñado polo coordinador/a do seu itinerario, que se integrará dentro da memoria de prácticas(Para máis información véxase Guía de Prácticas).</p> <p>Escenario 4. No caso de non poder incorporarse aos centros de prácticas.</p> <p>Optarase pola formación telepresencial sempre que os centros o permitan. No caso contrario, se propondrá unha formación alternativa de carácter práctico.</p> <p>No caso de non poder asistir ao centro, o traballo tutelado será avaliado polo tutor da udc na súa totalidade, e se modificarían as metodoloxías en consecuencia.</p> <p>Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Indica as ferramentas empregadas (Moodle, Teams, etc.) e, para cada unha delas, indica a súa temporalidade (por exemplo a frecuencia semanal de realización)</p> <p>Ferramenta Temporalización</p> <p>TEAMS, MOODLE, EMAIL ou a vía telemática que acorde o profesorado titor co seu alumnado Os titores e titoras de facultade deben realizar as adaptacións precisas para poder continuar coa súa labor de orientación do alumnado vía telemática.</p> <p>Modificacións na avaliación</p> <p>(Indica na seguinte táboa como queda a avaliación unha vez aplicadas as modificacións por mor do COVID-19.)</p> <table border="1"><thead><tr><th>Metodoloxía</th><th>Peso na cualificación</th><th>Descrición</th></tr></thead><tbody><tr><td>Saídas de campo</td><td>Non se modifica</td><td>Non se modifica</td></tr><tr><td>Traballos tutelados</td><td>Non se modifica</td><td>Non se modifica</td></tr></tbody></table> <p>Observacións de avaliación:</p> <p>O envío das cualificacións finais por parte do profesorado titor da facultade debe ir precedido da revisión co seu alumnado. O profesorado titor establecerá as canles para poder levala a cabo por medios telemáticos, para que o alumnado poida ter o dereito de acudir a consultar a súa cualificación se así o quixera. A revisión, que se fará diante do profesorado titor da</p>	Metodoloxía	Peso na cualificación	Descrición	Saídas de campo	Non se modifica	Non se modifica	Traballos tutelados	Non se modifica	Non se modifica
Metodoloxía	Peso na cualificación	Descrición								
Saídas de campo	Non se modifica	Non se modifica								
Traballos tutelados	Non se modifica	Non se modifica								

UDC, servirá para reconsiderar, de ser o caso, a cualificación da memoria. En canto á nota posta polo/a titor/a do centro soamente se poderá coñecer a pormenorización da aplicación dos criterios de avaliación.

A memoria, que recolle todos os traballos realizados no practicum, deberá ser subida á aplicación de practicum de xeito obrigatorio nas datas indicadas no calendario oficial, dispoñible na guía de prácticas, e se o profesorado titor de facultade requirise outras vías complementarias e adicionais de entrega ademais da aplicación, deberían ser telemáticas.

Sempre e cando a universidade contemple esta posibilidade, se poderá someter a instancias da Comisión Académica do Mestrado a modificación das datas de realización do practicum á Xunta de Facultade.

A cualificación das prácticas poderá ser non presentado, suspenso (1 a 4.9), aprobado (5 a 6.9), notable (7 a 8.9) e sobresaliente (9 a 10).

A cualificación final será o resultado da media entre a cualificación outorgada polo/a titor/a do centro e polo/a titor/a da Universidade.

Para superar as prácticas hai que conseguir o aprobado nas dúas cualificacións. No caso de non aprobar algunha das partes da materia, a nota final será a nota da parte non superada.

Na segunda oportunidade de avaliación:

- A memoria pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere esta parte na primeira oportunidade terá a ocasión de melloralala para a segunda.
- As practicas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na primeira oportunidade, mantense para a segunda.

Modificacións da bibliografía ou webgrafía

(Relaciona neste apartado o material bibliográfico ou as ligazóns web que mudaron con respecto á guía inicial)



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A32	CE-P1) Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización.
A33	(CE-P2) Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente
A34	(CE-P3) Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A35	(CE-P4) Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
3. Dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula, e tratar problemas de disciplina e resolución de conflitos.		AP32	
5. Coñecer as dinámicas organizativas e de funcionamento dun centro de secundaria ou formación profesional, así como levar a cabo unha primeira aproximación tutelada ao funcionamento dunha aula de ensino secundario e familiarizarse coa cultura organizativa dun centro escolar.		AP34	
2. Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e adquirir estratexias para estimular o esforzo do alumnado e promover a súa capacidade por si mesmo e con outros, e desenvolver habilidades de pensamento e decisións que promovan a súa capacidade docente.		AP34 AP35	
1. Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias das respectivas ensinanzas, atendendo ao nivel de formación dos estudantes.		AP34 AP35	
4. Diseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, á educación emocional e en valores, á igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, á formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos.		AP33	
6. Vivenciar, contrastar e valorar, nun escenario real, as contribucións dos diferentes módulos teóricos, e tomar conciencia das funcións da profesión docente e dos coñecementos, actitudes e destrezas que se requiren para o seu exercicio.		AP32	
7. Diseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, á educación emocional e en valores, á igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, á formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos e actuar sostiblemente a favor do medio ambiente		AP32	

Contidos	
Temas	Subtemas
Coñecemento do Centro Educativo, alumnado, contexto sociocultural, cultura pedagóxica, organizativa e de xestión (niveis e cursos, Departamentos, Comisións, Grupos, Equipo directivo, Consello Escolar, Claustro) e relacións coas familias e a contorna.	Coñecemento do Centro Educativo, alumnado, contexto sociocultural, cultura pedagóxica, organizativa e de xestión (niveis e cursos, Departamentos, Comisións, Grupos, Equipo directivo, Consello Escolar, Claustro) e relacións coas familias e a contorna.
A planificación Educativa no Centro. Os documentos de planificación: Proxecto Educativo (Proxecto Curricular e plan Lingüístico) Proxecto de Xestión, Plan Xeneral Anual, Programacións didácticas, Plan de Acción Titorial , etc.	A planificación Educativa no Centro. Os documentos de planificación: Proxecto Educativo (Proxecto Curricular e plan Lingüístico) Proxecto de Xestión, Plan Xeneral Anual, Programacións didácticas, Plan de Acción Titorial , etc.



Coñecemento e valoración dos programas educativos existentes no Centro: Plan de Convivencia, Plan Tic, Plan Lector e outros programas de apoio aos centros.	Coñecemento e valoración dos programas educativos existentes no Centro: Plan de Convivencia, Plan Tic, Plan Lector e outros programas de apoio aos centros.
Coñecemento e valoración dos recursos didácticos dispoñibles no Centro e no Departamento.	Coñecemento e valoración dos recursos didácticos dispoñibles no Centro e no Departamento.
Deseño e programación de unidades didácticas e procesos de intervención en diferentes materias e niveis educativos, no marco do Departamento Didáctico da especialidade.	Deseño e programación de unidades didácticas e procesos de intervención en diferentes materias e niveis educativos, no marco do Departamento Didáctico da especialidade.
Modelos e estilos de ensino máis axeitados ás materias da especialización.	Modelos e estilos de ensino máis axeitados ás materias da especialización.
Procesos de innovación e mellora no ensino das materias da Área.	Procesos de innovación e mellora no ensino das materias da Área.
Análise dos procesos de comunicación na aula e de actuación docente. Medios para a súa valoración e mellora. O asesoramento e a colaboración profesional.	Análise dos procesos de comunicación na aula e de actuación docente. Medios para a súa valoración e mellora. O asesoramento e a colaboración profesional.
A intervención e a atención á diversidade na aula. O exercicio da titoría.	- A intervención e a atención á diversidade na aula. - O exercicio da titoría.
Modelos e prácticas de avaliación no Centro e no Departamento.	Modelos e prácticas de avaliación no Centro e no Departamento.
Deseño e valoración dos instrumentos de avaliación do alumnado e do ensino.	Deseño e valoración dos instrumentos de avaliación do alumnado e do ensino.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A32 A33 A34 A35	38	103	141
Saídas de campo	A33 A34 A35	46	104	150
Atención personalizada		9	0	9

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Realización da memoria. Elaboración dun informe por escrito para ser valorado polo titor da Universidade. A extensión é de 40 páxinas máximo e 25 páxinas mínimo en DIN A4, en arial 11 a dobre espazo, e sen considerar os posibles anexos (agás no itinerario de artes). É obrigado entregar un exemplar encadernado e/ou unha copia en soporte informático.
Saídas de campo	Achegar ao alumnado á realidade do ensino para ir configurando unha visión propia, fundamentada e vivida do centro e da aula. Observación e intervencións puntuais co apoio e supervisión do titor do centro. Deseño de polo menos unha proposta didáctica da etapa.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Saídas de campo	Os tutores/as deberán dar a coñecer os días, as horas e as formas de contacto, tanto para o alumnado como para o profesorado tutor dos centros. O profesorado tutor, tanto da Universidade como dos centros, pode dirixirse á coordinación do practicum nos momentos e formas de contacto que lles serán comunicados.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A32 A33 A34 A35	O/a tutor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do traballo cos seguintes criterios: - Capacidade de relación teoría-práctica - Dominio conceptual e capacidade analítica - Capacidade para relacionar ideas e accións - Capacidade de argumentar e fundamentar - Expresión escrita propia e claridade expositiva - Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións - Capacidade de autoavaliación e autocrítica - Orixinalidade da proposta	50
Saídas de campo	A33 A34 A35	O/a tutor/a da institución colaboradora realizará a avaliación da implicación e actuación do alumnado no centro/aula.	50

Observacións avaliación

<p>A cualificación das prácticas poderá ser non presentado, suspenso (1 a 4.9), aprobado (5 a 6.9), notable (7 a 8.9) e sobresaliente (9 a 10). A cualificación final será o resultado da media entre a cualificación outorgada polo/a tutor/a do centro e polo/a tutor/a da Universidade. Para superar as prácticas hai que conseguir o aprobado nas dúas cualificacións. No caso de non aprobar algunha das partes da materia, a nota final será a nota da parte non superada.</p> <p>Na segunda oportunidade de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none">- A memoria pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere esta parte na primeira oportunidade terá a ocasión de melloralala para a segunda.- As practicas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na primeira oportunidade, mantense para a segunda. <p>A revisión, que se fará diante do profesorado tutor da UDC, servirá para reconsiderar, de ser o caso, a cualificación da memoria. En canto á nota posta polo/a tutor/a do centro soamente se poderá coñecer a pormenorización da aplicación dos criterios de avaliación.</p>

Fontes de información

Bibliografía básica	Para superar as prácticas hai que conseguir o aprobado nas dúas cualificacións. No caso de non aprobar algunha das partes da materia, a nota final será a nota da parte non superada. Na segunda oportunidade de avaliación: A memoria pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere esta parte na primeira oportunidades terá a ocasión de melloralala para a segunda. As practicas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na primeira oportunidade, mantense para a segunda. A revisión, que se fará diante do profesorado tutor da UDC, servirá para reconsiderar, de ser o caso, a cualificación da memoria. En canto á nota posta polo/a tutor/a do centro soamente se poderá coñecer a pormenorización da aplicación dos criterios de avaliación.
----------------------------	---



Bibliografía complementaria	<p>AGUADO ODINA, T. (coord.) (2010) Diversidad e igualdade en educación. Madrid, UNED. CARBONELL SEBARROJA, J. (2008) Una educación para mañana. Barcelona, Octaedro. CARBONELL SEBARROJA, J. (2009) La vida escolar en un curso: cosas que non sempre se explican. Barcelona, Graó. CASADO ROMERO, A. (2010) Aprender a ser maestro: creencias de los estudantes de Magisterio sobre la interacción en el aula. Cuenca, Universidade de Castela-A Mancha. CAMPS, V. (2008) Creer en la educación. La asignatura pendiente. Barcelona, Península. CASTELLS CUIXART, P. (2011) Tenemos que educar: ideas para acabar con la crisis de autoridade y la mala educación. Barcelona, Península. DOMENECH, J. e GUERRERO, J. (2005) Miradas a la educación que queremos. Barcelona, Graó. ESCUDERO PÉREZ, J. e MARTÍNEZ TEN, L. (coords.) (2011) Ochenta actividades para educar lúdicamente en valores y ciudadanía. Madrid, Los Libros de la Catarata. ESTEVE, O.; MELLE, K. e ANSINA, A. (coords.) (2010) Creando mi profesión. Una proposta para el desarrollo profesional del profesorado. Barcelona, Octaedro. GARCÍA ARETIO, L. (2009) Claves para la educación: actores, agentes y escenarios en la sociedade actual. Madrid, UNED. GIMENO SACRISTÁN, J. (comp.) (2006) La reforma necesaria. Entre la política educativa y la práctica escolar. Madrid, Morata. MAÑU NOAIN, J. (2010) Docentes competentes. Por una educación de calidad. Madrid, Narcea. ORTEGA, R. (coord.) (2010) Agresividad injustificada, bullying y violencia escolar. Madrid, Alianza. PÉREZ SERRANO, G. (2010) Aprender a convivir: el conflicto como oportunidade de crecimiento. Madrid, Narcea. RODICIO-GARCÍA, M. L. e IGLESIAS-CORTIZAS, M. J. (2011) El acoso escolar. Diagnóstico y prevención. Madrid, Biblioteca Nueva. RODRÍGUEZ JARES, X. (2006) Aprender a convivir. Vigo, Xerais. SANCHO GARGALLO, M. et al. (2007) Nuevos retos para convivir en las aulas: construyendo la escuela cívica. Madrid, Fundación Europea Sociedade e Educación. SEGOVIA GARCÍA, N. (2006) Aplicación de las TIC a la docencia. Usos prácticos de las nuevas tecnologías. Vigo, Ideas Propias. SUBIRATS, M. e TOMÉ, A. (2007) Balones fuera: reconstruir los espacios desde la coeducación. Barcelona, Octaedro. Bibliografía complementaria CANTÓN MAYO, I. (coord.) (2009) Narraciones de la escuela. Barcelona, Editorial Davinci. CANTÓN MAYO, I. (coord.) (2010) Narraciones de maestros. Barcelona, Editorial Davinci. DÍEZ NAVARRO, C. (2003) El piso de abajo de la escuela. Barcelona, Graó. MCCOURT, F. (2005) El profesor. Madrid, Maeva. PENNAC, C. (2008) Mal de escuela. Barcelona, Mondadori. SOBRADO, L.; FERNÁNDEZ, E. y RODICIO, M. L. (2012). Orientación Educativa. Nuevas perspectivas. Madrid: Biblioteca Nueva. TONUCCI, F. (1988) Niño se nace. Barcelona, Barcanova. TONUCCI, F. (1989) Cómo ser niño. Barcelona, Barcanova. TONUCCI, F. (1993) La soledad de los niños. Barcelona, Barcanova. TONUCCI, F. (1994) Con ojos de niño. Barcelona, Barcanova. TONUCCI, F. (2003) Cuando los niños dicen ¡Basta! Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez.</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

<p><p>A entrega dos traballos realizarase telemáticamente, na plataforma correspondente, se non é posible, non deben empregarse plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.</p><p><p>Debe facerse un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural e ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos personais e profesionais.</p><p><p>Na materia incorporárase a perspectiva de xénero e se traballará para fomentar e, no seu caso, modificar prexuízos e actitudes sexistas.</p></p>

(*<p><p>A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías</p></p>

